



BANDO INFORMATIVO

Rianxo, 1 de xuño de 2023

Adolfo muíños Sánchez, Alcalde-Presidente en funcións do Ilmo. Concello de Rianxo (A Coruña), fai saber:

O artigo 45 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, insta ás administracións públicas a que impulsen o emprego e aplicación de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o desenvolvemento da actividade e o exercicio das súas competencias, establecendo programas e aplicacións que deberán ser previamente aprobados polo órgano competente e cuxas características se deberán difundir publicamente.

O artigo 89.2.c do Real Decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (Regulamento Xeral de Circulación), establece que a notificación das denuncias en materia de tráfico e seguridade viaria se poderán efectuar nun momento posterior sempre que se teña coñecemento posterior á ocorrencia das mesmas a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo infractor.

Co fin de mellorar as condicións de ordenación e regulación do tráfico no Concello e fundamentalmente para garantir o cumprimento das normas de seguridade viaria, entre as medidas que compre adoptar destacan as encamiñadas a dotar dunha maior eficacia e seguridade xurídica os procedementos sancionadores en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, que se xestionan na área de Tráfico e Seguridade Cidadá deste Concello de Rianxo.

É por iso que se autorizou a posta en funcionamento do sistema informático “Appolo Traffik” de control de tráfico e foto-denuncia.

O sistema Appolo Traffik e foto-denuncia detectan e rexistran entre outros os vehículos mal estacionados e verifican a situación administrativa dos mesmos (ITV e seguro obrigatorio) para, se é o caso, proceder á súa denuncia, inmovilización e/ou retirada nos supostos previstos na normativa legalmente aplicable. Estas actuacións serán denunciadas e ordenadas polos funcionarios da Policía Local, sen prexuízo dos auxilio e apoio que en ditas funcións poidan prestar os auxiliares da Policía Local ou que as mesmas fosen coñecidas por medio das denuncias voluntarias contempladoras no artigo 4.2 do Regulamento do Procedemento Sancionador en materia de tráfico, vehículos a motor e seguridade viaria.

Este sistema, que se poñerá en funcionamento con posterioridade á publicación deste bando, permitirá mellorar a seguridade de todos os usuarios das vías previndo con elo entre outros os accidentes de tráfico o cal se informará oportunamente.

Para xeral coñecemento, este bando publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e darase publicidade nos xornais de maior difusión local.

Adolfo Muíños Sánchez

Alcalde en funcións do Concello de Rianxo